

# OBRADOIRO DE INICIACIÓN Á CURTAMETRAXE EN GALEGO



## ACHEGAMENTO PRÁCTICO AO PROCESO DE REALIZACIÓN DUNHA CURTAMETRAXE

### O GUIÓN

Estrutura do guión clásico

Liña argumental, sinopse e tratamiento

### EDICIÓN.

Iniciación ao Adobe Premiere.

Ritmo, estilo, significado.

### LINGUAXE AUDIOVISUAL

O plano. O encadramento

Forma e estilo. Posta en escena

O son como elemento narrativo

### PRÁCTICA FINAL:

Gravación

dunha curtametraxe

### A TÉCNICA

A cámara. Lentes. Focais

Iluminación

Microfonía

14 horas teóricas


8 horas edición

8 horas prácticas (rodaxe)

**DURACIÓN TOTAL: 30 horas**

### O EQUIPO HUMANO.

Metodoloxía de traballo



## DESCRICIÓN DE CONTIDOS

O obradoiro combina unha parte teórica con outra práctica durante todo o desenrollo da actividade. Deste xeito, comézase por dar as bases teóricas do guión clásico á vez que se fai un remuíño de ideas coa fin de que os alumnos, dende un primeiro momento, non só saibam como se constrúe un guión, senón que o escriban. Do remuíño de ideas sairán as liñas argumentais que logo se transformarán en sinopses, máis tarde en tratamiento e por fin, xa no tramo final do curso, en guión literario.

Ao mesmo tempo que se ensina guión, tamén se explicarán conceptos básicos de linguaxe audiovisual: o plano, o encadramento, reglas básicas de composición, forma e estilo, posta en escena, o son como elemento narrativo...

En cada clase proxectaranse fragmentos de películas e curtametraxes como exemplos para coñecer a estrutura do guión e poder, xa na parte final do curso, facer unha análise formal completa.

Normalmente, nunha clase, adícase a primeira media hora para falar sobre guión, poñer ideas dos alumnos en común, corrixir errores de escrita, etc., e na última media hora, proxéctase unha peza para logo pasar a comentala. En principio é o profesor o que fai a análise, cada vez máis completa, para que pouco a pouco o alumno se vaia soltando e aprenda a "ver" unha película e se dea de conta do significado de cada plano.

Haberá tamén unha parte adicada á técnica, no tramo final do curso, onde se falará do funcionamento dunha cámara, tipos de lentes, focais, iluminación básica e microfonía. Oito horas adicaranse ao coñecemento básico do programa de edición profesional Adobe Premiere e se explicarán os fundamentos da montaxe: ritmo, estilo e significado.

Para a mellor comunicación e maior rendemento do obradoiro, faise un grupo fechado de facebook, onde o alumno pode colgar os seus traballos de guión para que o profesor poida corrixilos. Isto dá moi bons resultados, xa que aumenta virtualmente as horas lectivas. Tamén é un bo lugar para que o profesor colgue material que lle poida servir ao alumno para a súa formación: apuntes, enlaces a películas, etc.

Todo o anterior vai encamiñado a unha fin: a gravación dunha curtametraxe duns 6 minutos de duración. Antes de rodar, explicarase someramente a metodoloxía de traballo e como funciona un equipo de rodaxe profesional. Os alumnos, supervisados polo profesor, farán a preproducción, onde se preparará todo o necesario para a gravación: casting, desgloses, vestiario, atrezzo, varios de producción, etc.



## **DESCRICIÓN DE CONTIDOS (CONTINUACIÓN)**


Na gravación, os alumnos irán rotando por diferentes postos, xa que o importante é que poidan experimentar os diferentes procesos dunha rodaxe: dirixirán, operarán cámara, farán de sonidistas, farán de rexedores, de script, etc. Todo o material preciso (cámara, iluminación, microfonía) será profesional e correrá por conta do profesor. Normalmente úsase unha videocámara profesional de alta definición, pola súa versatilidade e uso máis doado e microfonía de cañón cardioide.

Dende fai dous anos, os alumnos tamén teñen a oportunidade de interpretar algúns dos papeis da curtametraxe. Durante a gravación, o profesor apréndelles conceptos básicos de interpretación, como ritmo, intención, obxectivos, dominio do corpo, vocalización, etc.

### **Exemplos de prácticas finais do obradoiro**

*"Nana"*

<https://vimeo.com/108220546>




*"Un bo final"*

<https://www.youtube.com/watch?v=do0IOV5jv3o>

*"O premio"*

<https://www.youtube.com/watch?v=JIJB0pjZFe0>



*"Heroe local"*

[https://www.youtube.com/watch?v=NY\\_YpsZe4\\_g&list=PLk-JpVN-1teAakCmjexTTZHjHZqv3DFOW](https://www.youtube.com/watch?v=NY_YpsZe4_g&list=PLk-JpVN-1teAakCmjexTTZHjHZqv3DFOW)



# **OMAR RABUÑAL VARELA**

## **DOCENTE**

<http://www.imdb.com/name/nm3060580/>

Omar Rabuñal Varela é realizador, guionista e actor, con máis de 10 anos de experiencia no medio audiovisual. Entre os seus traballos más coñecidos, está a serie de ficción “Para mariñeiros, nós” e o programa de televisión “No mellor da vida”. Traballou como actor para compañías teatrais como Ancora Produccións ou Teatro do Noroeste e na televisión, na serie “Padre Casares”. Dirixiu tamén varias curtametraxes como as multipremiadas “Koan” ou “Da man da Raíña Vermella”.



### **Como actor**

2009 Padre Casares.

<http://www.crtvg.es/tvg/a-carta/capitulo-45-a-epistola-de-san-paulo>

### **Como realizador**

#### **TV**

2016 “Peregrino” (TVG)

2014 “No mellor da vida” (TVG)

<http://www.crtvg.es/tvg/a-carta/programa/no-mellor-da-vida>

2010 “Para mariñeiros nós” (Vtelevision)

<http://www.vtelevision.es/programas/paramarineros/2010/03/30/00331269973830491812397.htm>

#### **Curtametraxe**

2013 “KOAN”

<https://vimeo.com/78189335>

2008 “Da man da Raíña Vermella”

<http://canletv.agadic.info/curta/da-man-da-rainha-vermella/>

#### **Documental**

2011 “Titania S.A.”

[http://culturagalega.gal/avg/extra\\_audiovisual\\_estreas.php?Cod\\_extrs=3811](http://culturagalega.gal/avg/extra_audiovisual_estreas.php?Cod_extrs=3811)

2009 “Naturalmente Cabana”

#### **Videoclip**

2012 “Saio só”

<https://www.youtube.com/watch?v=iSTzbbLwm5Q>